

Resolución pola que se amplía o prazo de realización do terceiro exercicio das probas selectivas convocadas por resolución reitoral do 20 de xuño de 2024 para o acceso á escala auxiliar, subgrupo C2, pola queda de acceso libre, da Universidade de Santiago de Compostela.

A segunda proba do segundo exercicio da fase de oposición correspondente ao proceso selectivo que se cita foi realizado o día 13 de setembro de 2025.

Á vista da proposta do tribunal cualificador, o reitor, tendo en consideración as circunstancias de carácter organizativo que concorren e de conformidade co establecido no artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, resolve:

Ampliar o prazo máximo establecido no artigo 16 do Real decreto 364/1995 para estes supostos, sempre que non exceda da metade do mesmo, para a realización do terceiro exercicio do proceso selectivo para acceso á escala auxiliar, subgrupo C2.

Contra esta resolución de ampliación de prazo non cabe ningún recurso, de acordo co disposto no artigo 32.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela
O reitor
Antonio López Díaz
(Sinatura dixital)

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO LOPEZ DIAZ,
REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 09/10/2025 14:47:34.

CSV: 7149-D283-44B3-92C0